Vector

Que din os rumorosos

Editorial — Reflexiones desde el entorno

A xente humilde

"A xente humilde está desprotexida", di nunha das enquisas destas páxinas un xubilado de Viveiro que vende produtos da súa horta no mercado. Quéixase, en concreto, polo decreto de lei que vai poñer en perigo esta actividade económica considerada marxinal. Pero coa súa frase resume un sentir maioritario que se estende a moitos outros eidos da vida da xente, da aldea ás cidades, e cada vez con máis forza.

É a voz do descontento e da impotencia dunha cidadanía cansa de ver cómo os mesmos políticos que recortan servizos sociais e promulgan a baixada de salarios, se enriquecen de forma ilícita –que é o eufemismo que se usa en política para non dicir ladrón–.

Os grandes cambios (e a última enquisa do CIS parece suxerir que en España está a punto de habelos), xurdiron, nos últimos séculos, nas urbes. O campo sempre foi máis "atrasado". Hoxe en día, grazas sobre todo a Internet, isto está cambiando. A fenda entre o sentir do rural e do urbano é máis pequena. Sen embargo, como apunta Pedro Rocha (quen contribuíu de xeito inestimable coa súa xerencia e paixón ao desenvolvemento de Taramundi e os Oscos), o mundo rural é o grande esquecido das políticas públicas. Unhas políticas a cotío desacertadas que, pese ás subvencións que chegaron de Europa hai anos, nunca acadaron os obxectivos de evitar o despoboamento e xerar emprego, polo menos non na maioría dos concellos da nosa comarca.

Este mes, aproveitando o Foro por un mundo rural vivo que se celebrou en Mondoñedo, no METROPOLITANO fixemos un ESPECIAL AGRO que recolle algunhas iniciativas emprendedoras neste senso. Porque non podemos esperar que todo nos veña das institucións públicas, fai falla máis ilusión e autoestima por parte da poboación do rural. Cómpre acadar ese empoderamento cidadán que hoxe semella estar no horizonte dos desexos dunha grande maioría non silenciosa.

Quen ía pensar hai anos, por exemplo, que os fregueses das parroquias da Pontenova se ían rebelar contra o que consideran os abusos dun crego que non respecta as súas tradicións e fondas crenzas ata o punto de consideralo un "cura imperialista"?

Tan preto e tan de moda está reivindicar a voz da cidadanía que case todos os partidos tentan agora sumarse ao carro da democracia participativa, as asembleas abertas ou a rexeneración democrática. Benvidos sexan estes cambios se contribúen a mellorar a vida das persoas.

Ao final, só unha cidadanía orgullosa e empoderada será quen de sacar adiante e darlle vida a unha comarca tan eminentemente rural como é a nosa. Cada un dende o noso, temos que "quererlle ao pobo", tirar del e non agardar a que baixen monarcas con pequeños nicolases a impulsarnos o tecido empresarial ao estilo *Bienvenido Mister Marshall.*

Foto DENUNCIA

La defensa del "feísmo"

El feísmo como arquitectura improvisada, forzada por el presupuesto, lleva años en el debate público en su vertiente negativa: calificada de chapuza, fruto del mal gusto, la enésima reforma de la Lei do Solo ha resucitado la cuestión: la Xunta pretende imponer sanciones de hasta 25.000 euros a los promotores que no terminen el exterior de las viviendas. El mecanismo ya existía, pero era potestativo para los Ayuntamientos, que ahora tendrán que ejecutar las sanciones obligatoriamente. Casi paralelamente, la asociación de arquitectos Ergoesfera ha promovido durante estos años micro-investigaciones sobre el fenómeno bajo el lema "Eu si quero feísmo na miña paisaxe!". Uno de sus estudios se centra en la finca "Villa Somier", en Covas (Viveiro), y reivindica una cara menos frecuente del feísmo: el reciclaje y la autonomía.

El Metropolitano
EDITA
EL ENTORNO METROPOLITANO GRUPO EDITORIAL S.L.
DIRECTORA
María Pan Lesta
DELEGADA LUGO
Celtia Traviesas Méndez
DIRECTOR DE MARKETING Y PUBLICIDAD
Manuel Viso Mosquera
DISEÑO Y MAQUETACIÓN
Mónica Río Librenjak
Bruno Sar Mato
REDACCIÓN, WEB Y REDES SOCIALES
Noelia Díaz Sánchez
Diana Mandiá Álvarez, Ramón González Rey
publicidad@elentornometropolitano.com
redaclugo@elentornometropolitano.com
www.elentornometropolitano.com
ASESORÍA JURÍDICA:
C/ José Sardina Muiños, 4 Bj. A CORUÑA
Tfno: 981245055
TIRADA: 20.000 ejemplares
FECHA DE CIERRE: 3-11-2014
C/Urb. La Barcala Río Mero Nº 2 A Barcala - C.P.15660 Cambre
REDACCIÓN CENTRAL: Tfno: 981654545 Fax: 981654546
REDACCIÓN LUGO: Tfno: 633371828

EL ENTORNO METROPOLITANO GRUPO EDITORIAL S.L. INFORMA QUE: Al amparo del art.32.1 de la Ley de Propiedad Intelectual queda totalmente prohibida la reproducción total o parcial de artículos, fotografías y anuncios de esta publicación sin autorizacion escrita de la editorial. La reproducción no autorizada está penada por ley. **copyright** El entorno Metropolitano. La editorial no se responsabiliza de las opiniones de sus colaboradores y cartas al director. Periódico fundado en 1998 por José Ramón Rioboo Castro.